

**Proceso selectivo para o ingreso como persoal
laboral fixo do persoal da Corporación de Servizos
Audiovisuais de Galicia pola quenda de acceso libre.**

Categoría: Técnico/a de Control

Primeiro exercicio

Opción: Galego

NON abra o exame ata que o tribunal llo indique

1.- Segundo o artigo 14 da Constitución Española de 1978:

- a) Os españois son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- b) Todas as persoas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Todas as persoas son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, idade, relixión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- d) Os residentes en España son iguais ante a lei, sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, idade, relixión, estado civil ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

2.- O artigo 17.4 da Constitución Española de 1978 establece que a lei regulará un procedemento de "habeas corpus" para:

- a) Determinar o prazo máximo de duración da prisión provisional.
- b) Producir a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida legalmente.
- c) Producir a inmediata posta a disposición xudicial de toda persoa detida ilegalmente.
- d) Informar ao detido de forma inmediata e de xeito que lle sexa comprensible, dos seus dereitos e das razóns da súa detención.

3.- Segundo o artigo 20.5 da Constitución Española de 1978, só se poderá acordar o secuestro de publicacións, gravacións e outros medios en virtude de:

- a) Resolución xudicial.
- b) Lei.
- c) Motivos de orde público.
- d) Autorización parlamentaria.

4.- Segundo o artigo 27 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de:

- a) A promoción e a ensinanza de todas as linguas oficiais do Estado.
- b) A promoción e a ensinanza da lingua galega.
- c) A pesca nas rías e augas exteriores.
- d) Portos, aeroportos e heliportos cualificados de interese xeral polo Estado.

5.- No artigo 34 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia, establécese que no marco das normas básicas do Estado, corresponde á Comunidade Autónoma o desenvolvemento lexislativo e a execución:

- a) Sobre produtos farmacéuticos.
- b) Dos valores culturais do pobo galego.
- c) Sobre propiedade industrial e intelectual.
- d) Do réxime de prensa e, en xeral, de todos os medios de comunicación social.

6.- Segundo o artigo 6 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, calquera comportamento verbal, non verbal ou físico de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, hostil, degradante, humillante ou ofensivo, defínese como:

- a) Abuso sexual.
- b) Acoso sexual.
- c) Acoso por razón de sexo.
- d) Abuso por razón de sexo.

7.- Segundo o artigo 14 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, nos nomeamentos de altos cargos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das persoas titulares e membros de órganos de entidades integrantes do sector público autonómico atenderase ao principio de:

- a) Presenza equilibrada.
- b) Presenza proporcional.
- c) Presenza moderada.
- d) Presenza por cotas.

8.- Segundo o artigo 31 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, relativo ao uso non sexista da linguaxe, a visibilización do feminino terá en conta, cando proceda, a situación particular das mulleres afectadas por:

- a) Discriminación múltiple ou intersectorial.
- b) Discriminación sexista polo exercicio dos dereitos de conciliación.
- c) Discriminación sexista por asociación.
- d) Discriminación sexista por maternidade.

9.- Segundo o artigo 1.1 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, esta lei ten por obxecto:

- a) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal, autonómico, local e provincial. Porén a súa regulación non aplicará á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.
- b) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal. Porén a súa regulación non aplicará á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.
- c) Regular a prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma pero non a comunicación audiovisual de ámbito estatal.
- d) Regular a comunicación audiovisual de ámbito estatal, así como establecer determinadas normas aplicables á prestación do servizo de intercambio de vídeos a través de plataforma.

10.- Segundo o artigo 8 da Lei 13/2022, de 7 de xullo, xeral de comunicación audiovisual, a comunicación audiovisual:

- a) Promoverá o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado e das linguas oficiais das Comunidades Autónomas e das súas expresións culturais, contribuíndo ao reflexo da diversidade cultural e lingüística.
- b) Promoverá principalmente o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado, contribuíndo ao reflexo da diversidade cultural e lingüística.
- c) Promoverá principalmente o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado e de forma subsidiaria o coñecemento das linguas oficiais das Comunidades Autónomas.
- d) Promoverá o coñecemento e a difusión da lingua oficial do Estado, do idioma inglés e tamén das linguas oficiais das Comunidades Autónomas e das súas expresións culturais, contribuíndo ao reflexo da diversidade cultural e lingüística.

11.- Segundo o artigo 19 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a aprobación e as modificacións dos estatutos sociais da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia correspóndelle:

- a) Ao consello de administración, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.
- b) Á xunta xeral da sociedade, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.
- c) Á dirección xeral, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.
- d) Ao comité de dirección, logo de acordo favorable do Consello da Xunta de Galicia.

12.- Segundo o artigo 35 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, a duración do mandato da persoa titular da Dirección Xeral é de:

- a) Catro anos, contados desde o seu nomeamento, e ten carácter renovable.
- b) Catro anos, contados desde o seu nomeamento, e non ten carácter renovable.
- c) Cinco anos, contados desde o seu nomeamento, e ten carácter renovable.
- d) Cinco anos, contados desde o seu nomeamento, e non ten carácter renovable.

13.- Segundo o artigo 48 da Lei 1/2025, do 14 de marzo, de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital, o mandato estratéxico da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia é aprobado:

- a) Polo Consello da Xunta de Galicia.
- b) Pola dirección xeral.
- c) Polo consello de administración.
- d) Polo Parlamento de Galicia.

14.- Segundo o artigo 66 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, cal é o número de membros do comité de empresa dun centro de traballo con duascientas persoas traballadoras?:

- a) 5
- b) 7
- c) 9
- d) 13

15.- Segundo o artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a duración do mandato dos delegados de persoal e dos membros do comité de empresa é de:

- a) 2 anos.
- b) 3 anos.
- c) 4 anos.
- d) 5 anos.

16.- Segundo o artigo 15 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, cal dos seguintes NON é un principio da acción preventiva?:

- a) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- b) Combater os riscos na súa orixe.
- c) Ter en conta a evolución da técnica.
- d) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.

17.- Segundo o artigo 28 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, nas relacións de traballo a través de Empresas de Traballo Temporal, quen é a empresa responsable das condicións de execución do traballo en todo o relacionado coa protección da seguridade e saúde das persoas traballadoras?

- a) A empresa usuaria.
- b) A empresa de traballo temporal.
- c) O Comité de Empresa da empresa de traballo temporal.
- d) O Comité de Empresa da empresa usuaria.

18.- Segundo o artigo 11 do Convenio Colectivo da CSAG, cal das seguintes NON é unha función da comisión paritaria de vixilancia e interpretación do convenio colectivo?:

- a) Negociar novos artigos do convenio colectivo que non estean previstos no texto vixente.
- b) Interpretar o convenio, co fin de resolver as consultas que ás partes lle formule o Comité de empresa, a Dirección ou calquera persoa traballadora.
- c) Vixiar a aplicación do convenio colectivo.
- d) Mediar nos conflitos individuais ou colectivos entre as partes cando o pida calquera dos/as interesados/as no conflito en materias propias da comisión paritaria.

19.- Segundo o artigo 38 do Convenio Colectivo da CSAG, cantas horas de descanso ininterrompidas deberán transcorrer entre o final dunha xornada e o comezo da seguinte?:

- a) 8
- b) 9
- c) 10
- d) 12

20.- Segundo o artigo 95 do Convenio Colectivo da CSAG, referente ao réxime disciplinario, as faltas graves cometidas polas persoas traballadoras prescriben aos:

- a) 20 días hábiles.
- b) 20 días naturais.
- c) 30 días naturais.
- d) 30 días hábiles.

21.- Segundo artigo 3 da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas:

- a) Para o exercicio dunha segunda actividade no sector público non é necesaria ningunha autorización sempre e cando non supoña modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos.
- b) En ningún caso se pode autorizar o desempeño dunha segunda actividade no sector público.
- c) Para o exercicio dunha segunda actividade no sector público será necesario solicitar unha excedencia voluntaria por prestación de servizos noutra Administración.
- d) Para o exercicio dunha segunda actividade no sector público será indispensable a previa e expresa autorización de compatibilidade, que non suporá modificación da xornada de traballo e horario dos dous postos e que se condiciona ao seu estrito cumprimento en ambos.

22.- Segundo o artigo 14 da Lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade para o exercicio de actividades profesionais, laborais ou industriais fora das Administracións Públicas, ditarase no prazo de:

- a) Seis meses.
- b) Un ano.
- c) Nove meses.
- d) Dous meses.

23.- Segundo o artigo 6 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, enténdese por consentimento do afectado:

- a) Toda manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que este acepta de xeito expreso ou tácito o tratamento de datos persoais que lle concirnen.
- b) Toda manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que este acepta, xa sexa mediante unha declaración ou unha clara acción afirmativa, o tratamento de datos persoais que lle concirnen.
- c) Toda manifestación de vontade libre, específica, informada e inequívoca pola que este acepta, xa sexa mediante unha declaración ou a través de formularios xa premarcados, o tratamento de datos persoais que lle concirnen.
- d) A ausencia expresa de oposición para o tratamento dos datos persoais que lle concirnen.

24.- Segundo o artigo 7 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, o tratamento de datos persoais dun menor de idade:

- a) Está prohibido.
- b) Unicamente poderá fundarse no consentimento cando sexa maior de trece anos.
- c) Unicamente poderá fundarse no consentimento cando sexa maior de catorce anos.
- d) Unicamente poderá fundarse no consentimento cando sexa maior de doce anos.

25.- A que nos referimos cando falamos de THD?

- a) Ao *delay* que se produce nos equipos dixitais pola cuantificación e a codificación.
- b) Á capacidade do sistema para rexeitar as interferencias electromagnéticas externas.
- c) Ao tempo de reverberación dunha sala.
- d) Ás distorsións harmónicas totais.

26.- Que é a diafonía?

- a) A distorsión producida polos harmónicos xerados nun amplificador.
- b) A perda de nivel de sinal debido a unha mala adaptación de impedancias.
- c) A cantidade de sinal que se filtra dunha canle a outra ou dunha pista a outra.
- d) O enmascaramento de determinadas frecuencias que se produce na voz, especialmente coas consoantes explosivas.

27.- Que parámetro deberíamos revisar con especial coidado antes de conectar un amplificador a un altofalante?

- a) A impedancia.
- b) A voltaxe.
- c) O rango dinámico do altofalante.
- d) A frecuencia de corte do crossover.

28.- Que instrumento se utiliza habitualmente para medir o nivel de presión sonora?

- a) Sonómetro.
- b) Osciloscopio.
- c) Multímetro.
- d) Voltímetro.

29.- Cal é a función principal dunha caixa DI?

- a) Converter un sinal non balanceado e de alta impedancia nun sinal balanceado de baixa impedancia.
- b) Aumentar a potencia do sinal para alimentar altofalantes.
- c) Aplicar dinámicas intelixentes para facilitar a compresión do sinal.
- d) Xerar alimentación *phantom* para micrófonos.

30.- Que avalía principalmente o STI?

- a) A resposta en frecuencia.
- b) A intelixibilidade da palabra falada.
- c) A distorsión harmónica.
- d) O nivel de presión sonora.

31.- Cal é a principal vantaxe dun sistema de distribución de audio mediante matrices?

- a) Permitir o encamiñamento flexible de sinais.
- b) Reducir a potencia eléctrica.
- c) Eliminar a latencia.
- d) Substituír os amplificadores.

32.- Un incremento de 6 dB SPL implica aproximadamente:

- a) Duplicar a potencia percibida.
- b) Duplicar a frecuencia.
- c) Duplicar a presión acústica.
- d) Reducir á metade a presión acústica.

33.- Nunha produción cinematográfica, que micrófono se utiliza habitualmente montado en pértiga?

- a) Shotgun ou canón.
- b) Boundary.
- c) Ribbon.
- d) De contacto.

34.- Que é un wild track?

- a) Un efecto foley.
- b) Unha pista musical.
- c) Unha toma de son ambiente gravada independentemente da imaxe.
- d) Unha dobraxe.

35.- Que é unha pista M&E?

- a) Mix & Encode.
- b) Monitor & Ecualización.
- c) Main & External.
- d) Música & Efectos.

36.- Nunha produción onde gravamos o audio nun sistema independente, cal é a mellor opción para facilitar a sincronía posterior na edición?

- a) Mediante partes detallados tanto de cámara como de son.
- b) Utilizando un TC común na cámara e o dispositivo de rexistro de audio.
- c) Mediante metrónomo dixital.
- d) Co uso de claqueta.

37.- Que frecuencia de mostraxe é habitual na produción audiovisual profesional?

- a) 48 kHz
- b) 44,1 kHz
- c) 32 kHz
- d) 11,025 kHz

38.- Unha película gravada a 24 fps adáptase mediante speed-up para emisión a 25 fps. Que ocorre co audio se non se aplica corrección dixital?

- a) Ralentízase un 4,1% e diminúe lixeiramente o ton.
- b) Acelérase aproximadamente un 4,1% e aumenta lixeiramente o seu ton.
- c) O ton do audio diminuír un cuarto de oitava.
- d) Cambio de 48 kHz a 44,1 kHz.

39.- Cal é a función principal do técnico FOH?

- a) Controlar os monitores de escenario.
- b) Realizar a mestura destinada ao público.
- c) Realizar o escaneo de frecuencias para determinar as frecuencias para a microfonía inalámbrica.
- d) Supervisar gravación multipista.

40.- Os envíos a monitores, salvo situacións particulares, adoitan ser:

- a) Pre-fader
- b) Post-fader
- c) Post-master
- d) Pre-master

41.- Quen é o encargado do sinal dos sistemas *in-ear*?

- a) O/a técnico/a de FOH
- b) O/a técnico/a de PA
- c) O/a técnico/a de monitores
- d) O/a técnico/a de radiofrecuencia

42.- Que parámetro determina o largo de banda afectada por un filtro paramétrico?

- a) Factor Q
- b) Thershold
- c) Ratio
- d) Ataque

43.- Que característica ten un filtro notch?

- a) Actúa unicamente sobre a fase.
- b) Reforza todas as frecuencias graves.
- c) Elimina todas as frecuencias agudas.
- d) Modifica unha banda moi estreita de frecuencias.

44.- Que parámetro determina o nivel a partir do cal comeza a actuar un compresor?

- a) Ataque.
- b) Ratio.
- c) Threshold.
- d) Knee.

45.- Que ocorre se o threshold dunha porta de ruído se axusta demasiado alto?

- a) Produce clipping dixital.
- b) Incrementa a diafonía.
- c) Pode cortar partes útiles do sinal.
- d) Xera harmónicos pares.

46.- Que procesador é un compresor especializado en actuar sobre sibilancias?

- a) Crossover.
- b) De-esser.
- c) Expansor.
- d) Notch.

47. Que é unha pista MIDI?

- a) Unha pista de monitorización.
- b) Un audio gravado en formato dixital.
- c) A pista de gravación que xera un teclado.
- d) Unha secuencia de eventos e mensaxes de control musical.

48.- Que efecto adoita utilizarse para recrear espazos acústicos?

- a) Reverberación.
- b) Limitador.
- c) Porta de ruído.
- d) Expansor.

49.- Que vantaxe ofrece a técnica de microfonado Mid-Side?

- a) Elimina o ruído de sala.
- b) Permite modificar a amplitude estéreo despois da gravación.
- c) Non require descodificación.
- d) Ao utilizar un par de micrófonos iguais non existen diferenzas de coloración entre eles.

50.- Cantas canles pode manexar un porto MIDI estándar?

- a) 8 canles.
- b) 16 canles.
- c) 24 canles.
- d) 32 canles.

51.- Que tipo de conector se utiliza tradicionalmente en MIDI?

- a) BNC.
- b) XLR de 3 pins.
- c) RJ45.
- d) DIN de 5 pins.

52.- Que vantaxe ofrece a automatización en mestura?

- a) Facilita o axuste de parámetros ao facelo de forma automática.
- b) Xera arquivos finais de audio máis lixeiros ao automatizar a compresión.
- c) Permite modificar parámetros de forma programada durante a reprodución.
- d) Automatiza a mestura final co que aforra traballo ao operador/a.

53.- A zona doce (*sweet spot*) nun estudo de gravación adoita situarse:

- a) No centro da mesa de mesturas.
- b) Pegada á parede traseira, onde non existe cancelación de frecuencias.
- c) No centro xeométrico da sala.
- d) No vértice do triángulo equilátero formado cos dous monitores principais.

54.- Que é un modo propio dunha sala?

- a) A reverberación propia dunha sala.
- b) A frecuencia na que o recinto presenta resonancias naturais.
- c) O equipamento de audio dun estudo de gravación sen incluír os elementos engadidos para un evento particular.
- d) O uso principal dunha sala (dobraxa, foley, produción musical, mastering...).

55.- Que ferramenta permite medir a resposta en frecuencia dunha instalación?

- a) Voltímetro.
- b) Analizador FFT.
- c) Frecuencímetro.
- d) LTC Reader.

56.- Que rango de frecuencias adoita verse máis afectado polos modos propios dunha sala?

- a) Graves.
- b) Medios-altos.
- c) Agudos.
- d) Ultrasons.

57.- Que característica define ao ruído rosa?

- a) Ten enerxía unicamente entre 20 Hz e 20 kHz.
- b) Contén a mesma enerxía por Hz.
- c) Só contén frecuencias graves.
- d) Contén a mesma enerxía por oitava.

58.- Cal é un dos principais obxectivos do axuste de retardos en sistemas distribuídos?

- a) Modificar a impedancia.
- b) Reducir potencia.
- c) Aumentar reverberación.
- d) Manter coherencia temporal entre zonas de cobertura.

59.- Cal é a condición necesaria para que apareza o efecto Haas?

- a) Que dous sons similares cheguen cunha pequena diferenza temporal.
- b) Que PA e a liña de reforzo estean moi próximas.
- c) Que os altafalantes estean en contrafase.
- d) Que a reverberación sexa superior a 50 milisegundos.

60.- Cal é o obxectivo principal dunha sonorización nun espazo pechado?

- a) Alcanzar o máximo SPL posible.
- b) Conseguir unha cobertura uniforme e intelixible.
- c) Reducir a potencia eléctrica.
- d) Eliminar completamente a reverberación.

61.- Nunha sala de conferencias, que valor STI sería desexable?

- a) Superior a 0,6.
- b) Inferior a 0,2.
- c) Exactamente 0.
- d) Superior a 10.

62.- Que describe una curva NC?

- a) A distorsión harmónica.
- b) A resposta dun altofalante.
- c) O nivel de reverberación dunha sala.
- d) O nivel de ruído de fondo admisible nunha sala.

63.- Segundo a norma EBU R 128, o nivel de sonoridade para radio e televisión débese normalizar a:

- a) 0 dBFS
- b) -18 dB
- c) -23 LUFS
- d) -14 LUFS

64.- A que nos referimos coas siglas ADR?

- a) A un sistema de mestura estéreo con reforzo central.
- b) Á regravación de diálogos en estudo sincronizados coa imaxe.
- c) A un protocolo dixital.
- d) A un envío dixital de audio sobre IP.

65.- Que característica debe presentar unha mestura destinada á emisión por televisión?

- a) Cumprimento de niveis normalizados de sonoridade.
- b) Redundancia para evitar erros de emisión.
- c) Presentar canle de diálogos e canle internacional.
- d) Son estéreo.

66.- Que é un *stem* de mestura?

- a) Unha pista MIDI.
- b) Unha submestura de elementos sonoros agrupados.
- c) Un envío de auxiliares.
- d) Unha frecuencia non desexada que se escoita na mestura final.

67.- Que se entende por adecuación de documentos sonoros?

- a) Adaptar materiais sonoros para a súa utilización nun proxecto concreto.
- b) Incrementar, ata os 0 dB, o nivel dos elementos documentais que incorporamos a unha produción.
- c) Converter os documentos sonoros a vídeo.
- d) Normalizar a banda sonora dunha produción.

68. Que é unha cuña radiofónica?

- a) Peza sonora breve de carácter promocional ou publicitario.
- b) Un efecto foley realizado en directo.
- c) Un sistema de gravación por bloques.
- d) Un compresor.

69.- Nun contorno de edición dixital de son, que é unha rexión ou clip de audio?

- a) Unha agrupación de canles para procesalos de xeito conxunto.
- b) Un arquivo MIDI.
- c) Un fragmento editable de audio dentro dunha pista.
- d) Unha canle de saída.

70.- Nunha instalación eléctrica, cal é a función dun diferencial?

- a) Protexer a instalación fronte a cortocircuitos.
- b) Protexer a instalación fronte a sobrecargas.
- c) Protexer a instalación fronte a fugas e derivacións de corrente.
- d) Protexer a instalación fronte a diferenzas de potencial.

71.- Cal é a unidade de medida da intensidade da corrente eléctrica?

- a) Watio
- b) Voltio
- c) Ohmio
- d) Amperio

72.- Cal dos seguintes sinais non transporta audio?

- a) MIDI
- b) AES/EBU
- c) Dante
- d) MADI

73.- Quen desenvolveu orixinalmente o conector Speakon?

- a) Yamaha
- b) Neutrik
- c) Shure
- d) Dolby

74.- Que instrumento de medida permite visualizar un sinal eléctrico en función do tempo?

- a) Osciloscopio.
- b) Sonómetro.
- c) FFT.
- d) Multímetro.

75.- Se conectamos dous altosfalantes idénticos de $8\ \Omega$ en serie a un amplificador, a potencia entregada por este:

- a) Será maior que se estivesen en paralelo.
- b) Será menor que se estivesen en paralelo.
- c) Será exactamente a mesma.
- d) Dependerá da tensión de alimentación do amplificador.

76. Que é unha ambientación sonora diexética?

- a) A creada en posprodución.
- b) Aquela que pertence ao universo narrativo da obra.
- c) A que escoita exclusivamente o espectador.
- d) A que procede da narración en off.

77.- Que órgano transforma as vibracións mecánicas en impulsos nerviosos?

- a) Cóclea.
- b) Tímpano.
- c) Larínxe.
- d) Tráquea.

78.- Que factor inflúe especialmente na percepción da direccionalidade sonora?

- a) Intelixibilidade do son.
- b) Idade do oínte.
- c) Diferenzas temporais e de nivel entrambos oídos.
- d) Reverberación do espazo de escoita.

79.- Que se entende por paisaxe sonora?

- a) Conxunto de sons característicos dun contorno.
- b) Mestura musical que reforza os sons dunha escena.
- c) Banda sonora dun produto audiovisual.
- d) Ecualización ambiental.

80.- Que documento define a organización temporal dun programa?

- a) A biblia.
- b) Parte de emisión.
- c) Guión técnico.
- d) Escaleta.

PREGUNTAS DE RESERVA

(CONTESTAR NA FOLLA DE RESPOSTAS DO NÚMERO 141 AO 144)

R1.- Segundo o artigo 97 do Convenio Colectivo da CSAG, a empresa contará cun servizo de prevención propio coas especialidades, como mínimo de:

- a) Medicina do traballo e hixiene industrial, sen prexuízo da contratación allea.
- b) Hixiene industrial, sen prexuízo da contratación allea.
- c) Seguridade e hixiene industrial, sen prexuízo da contratación allea.
- d) Seguridade e ergonomía e psicosocioloxía, sen prexuízo da contratación allea.

R2.- Cal é o rango de frecuencias audible para unha persoa moza e sa?

- a) 20 Hz a 20 kHz
- b) 200 Hz a 10 kHz
- c) 500 Hz a 5 kHz
- d) 100 Hz a 40 kHz

R3.- Que proceso non é típico dun DSP?

- a) Ecualización.
- b) Compresión.
- c) Reverberación.
- d) Transdución.

R4. En programas de edición de audio, a que nos referimos cunha rexión consolidada?

- a) A un único arquivo xerado a partir de varios eventos editados.
- b) A un arquivo comprimido sen perda.
- c) A un grupo de pistas bloqueadas para evitar manipulalas accidentalmente.
- d) A unha parte da nosa edición que damos por finalizada.

